

## ¿Para quen?

Poden acollerse ao plan as microempresas, os autónomos e máis as agrupacións de persoas físicas ou xurídicas, as comunidades de bens ou calquera outro tipo de unidade económica ou patrimonio separado que, aínda carecendo de personalidade xurídica, poidan levar a cabo as actividades ou se atopen na situación que motiva a concesión da axuda, e que desenvolvan unha actividade subvencionable.

## ¿Que hai que facer para solícialo?

- Antes da presentación da solicitude ao IGAPE, o interesado deberá acudir a unha das entidades financeiras colaboradoras para a avaliación do seu risco.
- Deberá cumprimentar un cuestionario descritivo das circunstancias do solicitante e do proxecto a través da Oficina Virtual do IGAPE. Contará para iso coa asistencia do Servizo de Atención Telemática do IGAPE, ou ben poderá acudir a calquera das Oficinas Territoriais do Instituto.
- O prazo de presentación de solicitudes de aval finalizará o 30 de decembro de 2009.



**XUNTA  
DE GALICIA**

**IGAPE, INSTITUTO GALEGO DE PROMOCION ECONOMICA**

**Santiago. Sede e servizos centrais**

Complexo administrativo de San Lázaro, s/n  
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)

**902 300 903**

Tel.: 981 541 147 Fax: 981 558 844  
[www.igape.es](http://www.igape.es)

### Oficinas territoriais

#### A Coruña

Pza. Pontevedra, 22 2º  
15003 A Coruña

Tel.: 981 182 239. Fax: 981 182 240

#### Ourense

R/ Xoán XXIII, 33  
32003 Ourense

Tel.: 988 687 289. Fax: 988 687 290

#### Ferrol

Edif. de Usos Múltiples  
Pza. Camilo José Cela, s/n  
15403 Ferrol (A Coruña)

Tel.: 981 337 101. Fax: 981 337 106

#### Pontevedra

R/ Michelena, 30  
36001 Pontevedra

Tel.: 986 805 305. Fax: 986 805 308

#### Lugo

Xunta de Galicia  
Edif. Administrativo  
Ronda da Muralla, 70. 27071 Lugo

Tel.: 982 294 032. Fax: 982 294 801

#### Vigo

Edif. Administrativo Xunta de Galicia  
Praza da Estrela, 9, 3º andar  
36201 Vigo (Pontevedra)

Tel.: 986 817 366. Fax: 986 817 361

Liña de axudas para empresas

# Porque é tempo de avanzar



## O respaldo que precisas Plan Re-Solve

Liña de financiamento de circulante  
subsidiado e avalado para  
autónomos e microempresas



**XUNTA  
DE GALICIA**



## ¿Que é?

O obxectivo do Plan Re-Solve é facilitar aos autónomos e ás microempresas o acceso ao seu financiamento operativo.

Para iso, o IGAPE respalda operacións novas de financiamento de circulante (pólizas de crédito e de préstamo), avalando ante as Sociedades de Garantía Recíproca (SGR) un 25% do seu risco, para que estas, á súa vez, avalen ante as entidades financeiras un 90%.

O IGAPE farase cargo da comisión de aval e de estudo das SGR, de forma que a súa participación sexa sin custo para o solicitante do préstamo.

## Características e condicións

- O Plan Re-Solve ten por obxectivo facilitar operacións de financiación novas. Exclúese expresamente a substitución de créditos bancarios preexistentes.
- O importe mínimo das operacións será de 3.000 € e o máximo, de 40.000 €.
- Prazo de vixencia: 3 anos.
- Tipo de xuro variable semestralmente: Euribor a seis meses + ata 2,75 puntos (pactarase entre as partes).
- Comisións máximas: 1,5% apertura, 0,5% de estudo. No caso de póliza de crédito ademais unha comisión de dispoñibilidade trimestral máxima do 0,50% sobre o saldo medio non disposto (para as comisións de estudo e apertura, conxuntamente, a entidade financeira poderá estipular un mínimo de ata 100 €).
- Préstamos: o primeiro ano será de carencia. Unha vez transcorrido, o 50% do préstamo será amortizado con periodicidade mensual ou trimestral e o 50% restante será amortizado ao vencemento.
- Pólizas de crédito: o saldo máximo dispoñible inicial manterase durante o primeiro ano, transcorrido o cal, o límite reducirase nun 25% ao principio do segundo ano, noutro 25% ao final do segundo ano e nun 50% ao vencemento.
- Os fondos dispostos deberán ser utilizados para o financiamento de circulante: nóminas, impostos, seguridade social, aluguer, leasing, provedores, acredores por prestación de servizos, reparacións, cotas de débedas bancarias a longo prazo ao seu vencemento e cotas de leasing. En ningún caso poderán aplicarse a financiar investimentos en inmovilizado ou activos financeiros, nin á cancelación anticipada de pasivos bancarios.
- As garantías a favor das entidades financeiras serán o aval de Sociedade de Garantía Recíproca polo 90% do risco. Como garantía adicional poderán requirir garantías persoais pola parte non avalada pola SGR.
- As garantías a favor da SGR serán o reaval do IGAPE en cobertura do 25% do risco, e como garantía adicional poderán requirir garantías persoais.